

Os movementos da Terra

Movemento de rotación

É o movemento que realiza a Terra sobre si mesma.

Este é un movemento constante e rápido. A Terra tarda **24 horas** en dar unha volta completa sobre si mesma. **O movemento de rotación dá lugar aos días e ás noites.**

É de día porque unha metade da Terra recibe os raios do Sol. A medida que a Terra vai xirando sobre si mesma, a luz do Sol vaise e chega a noite.

O movemento de translación

É o movemento da Terra arredor do Sol. A Terra tarda un ano, **365 días**, en dar unha volta completa ao Sol.

Este movemento dá lugar ás estacións do ano, que son catro: primavera, verán, outono e inverno.

As estacións prodúcense porque o eixe da Terra está inclinado. Isto fai que, ao longo do ano, os raios do Sol cheguen con distinta inclinación a unha mesma parte da Terra e tamén fai que os días e as noites teñan distinta duración ao longo do ano.

A estacións do ano

- **PRIMAVERA:** Ao inicio da primavera, os días e as noites duran o mesmo. Ao final, as noites son cada vez máis curtas. As temperaturas son suaves e chove con frecuencia. Por iso, medran moitas herbas e flores.
- **VERÁN:** Ao principio do verán, os días son os máis longos do ano. Ao final, vanse acurtando. As temperaturas son altas e chove pouco. Por iso, moitas herbas secan.
- **OUTONO:** Ao inicio do outono, os días e as noites duran case o mesmo. Despois, as noites vanse alongando. As temperaturas ao principio son suaves, despois vai máis frío. Algunhas árbores empezan a perder as follas.
- **INVERNO:** Ao principio do inverno, as noites son as máis longas do ano. Despois os días van durando máis. As temperaturas son baixas e pode nevar. As árbores de folla caduca perden todas as follas.

A Terra

A Terra, un planeta único

A Terra é o planeta do sistema solar onde vivimos.

A Terra é o único planeta do sistema solar en que se encontra vida. A Terra é diferente porque:

- **Está situada a unha distancia adecuada do Sol.** Por iso, chegan a luz e a calor necesarias para a vida.
- **Está rodeada por unha capa de aire.** Ese aire protexe a Terra dalgúns raios do Sol prexudiciais. Ademais contén osíxeno, gas que respiramos os seres vivos.
- **Ten auga.** Na Terra hai auga, que é un elemento necesario para a vida.

As capas da Terra

A Terra coñécese como o planeta azul. A cor azul destaca porque tres cuartas partes da superficie do planeta están cubertas por auga. Ademais da cor azul, vemos outras: marróns e verdes e, sobre elas, manchas brancas.

Esas cores corresponden ás tres capas da Terra:

- **HIDROSFERA:** A cor azul forma a hidrosfera. É a parte líquida do planeta. A hidrosfera agrupa toda a auga da Terra: ríos, lagos, mares, océanos, augas subterráneas...
- **XEOSFERA:** As cores marróns e verdes son os continentes e as illas. Son a parte sólida do planeta. Está formada por rochas e minerais.
- **ATMOSFERA:** É a parte da Terra composta por aire, nela fórmanse as nubes. A cor branca que está por riba dos océanos e dos continentes son as nubes.

CONTESTA AS SEGUINTE PREGUNTAS

- 1- Completa.
 - O movement que realiza a terra sobre si mesma chámase **rotación**. A Terra tardaen dar unha volta sobre si mesma.
 - O movement de **rotación** da lugar aos.....e ás.....
 - A Terra, ademáis de xirar sobre si mesma, tamén xira arredor do Sol. Este movement chámase **traslación**. A Terra tarda....., 365 días, en dar unha volta completa ao sol.
 - O movement de **traslación** da lugar ás 4.....do ano.
- 2- Cales son as catro estacións do ano?
- 3- Como se chaman as capas da Terra e a que corresponde cada una delas?